

	IES MARÍA CASARES. Departamento de FRANCÉS		3º ESO  2023-2024
	MATERIA	Francés 2ª Lingua Estranxeira	
	PROFESOR/A	Verónica Mosquera Silva	

Manual: TRANSIT 3, ed. SANTILLANA

		CONTIDOS
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	Unidade 0	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> falar da volta ao cole, do seu horario, coñecer aos compañeiros e compañeiras, falar dos seus gustos e costumes.</li> <li>- <b>Gramática:</b> Os tempos verbais: presente e "passé composé".</li> <li>- <b>Vocabulario:</b> Os sentimentos, a vida cotiá: colexios, actividades extraescolares, gustos...</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> As entonacións do francés.</li> </ul>
	Unidade 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Presentar e describir a alguén, dicir a nacionalidade de alguén, falar da persoalidade.</li> <li>- <b>Gramática:</b> <i>Il / Elle est, c'est, c'est un(e), les pronoms relatifs (qui, que), à, en, au, aux + cidade / país, o xénero dos adxectivos.</i></li> <li>- <b>Vocabulario:</b> Países e nacionalidades, os adxectivos de persoalidade (cualidades e defectos).</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [ɛ] e [ə], os sons [É] e [in], ortografía: é, ée, és, ées</li> <li>- <b>Civilización:</b> A Francofonía.</li> </ul>
	Unidade 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Describir o aspecto de alguén, expresar os seus gustos con paixón, contar anécdotas pasadas.</li> <li>- <b>Gramática:</b> A negación (1): <i>rien, jamais, os adverbios de intensidade, o "passé composé" (afirmativo/negativo, verbos pronominais).</i></li> <li>- <b>Vocabulario:</b> A roupa e os accesorios, a descrición física, expresións de tempo (cronoloxía).</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [õ], [ã] e [É], os sons [v] e [f], [p] e [b], ortografía: er, ez, é</li> </ul>
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	Unidade 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Expresar sensacións e emocións, facer recomendacións, dar a súa opinión e falar do futuro do planeta, falar dos seus proxectos.</li> <li>- <b>Gramática:</b> <i>avoir besoin de + nome / infinitivo, il faut /devoir + infinitivo, o futuro simple (formación, verbos irregulares).</i></li> <li>- <b>Vocabulario:</b> Sensacións e emocións, expresións da opinión, expresións de tempo (futuro).</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [ɛ] e [œ], os sons [ʃ] e [ʒ], [z] e [s], ortografía: ces, ses, c'est</li> </ul>
	Unidade 4	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Orientarse nunha cidade e describir lugares, preguntar e indicar un camiño, construír un relato en pasado.</li> <li>- <b>Gramática:</b> O pronome Y, o "imparfait" e o "passé composé", (situar unha acción / describir accións sucesivas).</li> <li>- <b>Vocabulario:</b> A cidade, preposicións de lugar, expresións para situar o marco dun relato.</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [Ø], [œ] e [ə], os sons [p], [t] e [k], ortografía: <i>quel(s), quelle(s).</i></li> </ul>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	Unidade 5	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Falar das tarefas domésticas e pequenos servizos, expresar a súa cólera, a súa indignación, expresar a frecuencia, dar as grazas.</li> <li>- <b>Gramática:</b> A negación (2): <i>plus, personne, a construción dos verbos e pronomes persoais, directos e indirectos.</i></li> <li>- <b>Vocabulario:</b> As tarefas domésticas, as relacións persoais, a frecuencia.</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [b], [d] e [g], os sons [õ] e [on], ortografía: a, as, à</li> </ul>
	Unidade 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Funcións comunicativas:</b> Explorar o universo dixital, comparar obxectos, falar do tempo pasado e das lembranzas da infancia.</li> <li>- <b>Gramática:</b> O comparativo e o superlativo, o "imparfait" (construción).</li> <li>- <b>Vocabulario:</b> As redes sociais, os instrumentos dixitais, expresións de tempo (pasado), a escola do pasado.</li> <li>- <b>Sons e grafías:</b> Os sons [ʷi] e [wÉ], os sons [sk], [sp] e [st], ortografía: ais, ait, aient</li> </ul>

## LECTURAS

En 3º de ESO, no presente curso, non contemplamos lecturas obrigatorias, aínda que o profesor poderá propoñer a lectura voluntaria dun libro, como ferramenta de avaliación. Utilizaranse textos e extractos de obras literarias que aparecen no manual.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O seguimento do alumno vai ser continuo, e **todas as actividades realizadas servirán para avalialos nos distintos aspectos dos grandes bloques de contidos**. A observación do **traballo e da actitude do alumno na súa progresión será un dos instrumentos diarios da avaliación**. Considerarase **moi negativo** que o alumno non faga a tarefa encomendada (que a faga aínda que teña erros, será algo no seu favor). Os alumnos serán cualificados seguindo os criterios da **avaliación continua**.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
<b>EXAME de avaliación</b> (poderá haber 1, ou 2 que farán media)	<b>50%</b>
<b>Diferentes probas e/ou traballos (orais e/ou escritos) ao longo de cada trimestre</b> . Pasada a data de entrega, <b>non</b> se recollerá ningún traballo (salvo causa xustificada).	<b>30%</b>
<b>Traballo persoal do alumno</b> (na clase e na casa), traballos extra e actitude cara a asignatura	<b>20%</b>
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA XUÑO</b>	
Seguindo coas normas propias da avaliación continua, <b>non haberá exames de recuperación</b> . Os alumnos recuperarán as avaliacións suspensas aprobando as posteriores, xa que estas inclúen os contidos das avaliacións anteriores. <b>A nota final do curso será pois a da 3ª Avaliación</b> , pero, aínda que non se faga media, <b>teranse tamén en conta as notas das avaliacións anteriores</b> .	

### As porcentaxes e instrumentos de cualificación en cada avaliación na ESO:

- 30 % Probas curtas de verbos irregulares ou de vocabulario e/ou probas orais e traballos ou proxectos (calcularase a nota coa media aritmética das probas)
- 50 % Probas escritas específicas por unidade ou por contido (cálculo da nota coa media aritmética das probas). Para isto, as probas obxectivas utilizarán diferentes procedementos, técnicas ou instrumentos e poderán presentar a seguinte estrutura:
1. Probas de gramática e léxico da unidade traballada (p.ex.: textos con ocós, respostas múltiples, transformación de frases, asociar imaxes e palabras, resolver definicións).
  2. Probas de comprensión escrita (p.ex.: un texto con preguntas).
  3. Probas de expresión escrita (p.ex.: unha composición, respostas de preguntas).
  4. Probas de comprensión oral (p.ex.: un texto con preguntas a partir dunha actividade de escoita, responder en clase ás preguntas do profesor, ditados, preguntas sobre unha lectura, etc).
  5. Probas de expresión oral (presentacións de proxectos individuais ou por parella, entrevista individual, representación dun diálogo, resumo e preguntas de comprensión dunha lectura, etc.).
- 20 % Traballo diario mediante a observación sistemática e rexistro diario do profesor (a nota será apto ou non apto)\*. Para iso, as ferramentas das que nos serviremos para anotar o anteriormente exposto son as que se propoñen a continuación: rexistro do traballo diario en clase (caderno do profesor) e o caderno do alumno. Para obter a cualificación de APTO non se poderá ter máis de tres rexistros por incumprimento dos seguintes puntos:
1. Caderno do alumno, proporcionaranos información moi valiosa sobre a maneira de estruturar os coñecementos traballados en clase, tamén se poderá observar o dominio ou dificultades dos contidos expostos, a corrección das actividades en grupo-clase, finalmente saberemos se o alumnado actualiza o caderno e emprégao como unha ferramenta de traballo manténdoo limpo e ordenado.
  2. A realización das actividades propostas, na casa ou na aula, escritas ou orais, a participación voluntaria e implicación no propio proceso de aprendizaxe.
  3. Uso do francés como lingua de comunicación na aula.
  4. A chegada en clase do material de uso obrigatorio (caderno, libro, fotocopias proporcionadas polo profesor).
  5. A realización e entrega puntual de tarefas, traballos, de lecturas e/ou ficha.
  6. Aprendizaxe autónoma: emprego de dicionarios, consulta en libros ou en internet sobre algún tema descoñecido polo alumnado.

## OBSERVACIÓNS:

- Non se recollerán nin se avaliarán traballos FÓRA do prazo de entrega.
- O non presentarse ou deixar en branco calquera proba de avaliación, así como a non participación en proxectos grupais ou a non entrega de calquera traballo leva suspender a avaliación.
- A nota obtida tras ou cálculo destas porcentaxes ponderadas será redondeada cara ao seguinte número enteiro só nos casos nos que se supere o 0,75.
- Non se correxirán nin avaliarán probas ou traballos nas que se empreguen plataformas dixitais, tales como Google Translator, IA, etc.
- Se un/unha alumno/a copia nunha proba o exame específico, retiraráselle o documento e obterá un 0 nesa proba.

## NOTAS SOBRE O PROCESO DE AVALIACIÓN FINAL

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación :

Cálculo da nota final: cada trimestre terá un valor porcentual de 25%, 35% e 40% respectivamente na nota final.

Ao ser unha materia onde os contidos aprendidos pónense en práctica de forma continuada e integradora, a avaliación terá un carácter continuo e **non haberá exames de recuperación trimestrais nin proba extraordinaria en xuño.**

O alumno debe obter unha nota numérica igual ou superior a 5 na media das tres avaliacións para aprobar a materia.

### Mecanismo de recuperación:

No relativo ao alumnado coa materia de Francés Primeira Lingua (FR1) ou Francés Segunda Lingua Estranxeira (FR2) pendente de cursos anteriores, podemos atoparnos con dúas situacións diferentes : Os/as alumnos/as que continúan cursando a materia e por outra banda alumnos/as que xa non están matriculados na materia, pero que teñen que recuperala de maneira obrigatoria.

1. O alumnado que cursa a materia terá que realizar de maneira obrigatoria as probas de recuperación estipuladas nas datas indicadas polo centro. Así mesmo, terá que realizar un caderno pequeno dos contidos mínimos non superados que representará un 10% da nota.
2. En canto ao alumnado que xa non estea matriculado na materia durante o presente curso escolar, terá que realizar de maneira obrigatoria as probas de recuperación estipuladas nas datas indicadas polo centro. Así mesmo, terá que realizar unas fichas dos contidos mínimos que representará un 10% da nota

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado.

a) O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- exames parciais: novembro (UD1-UD2- UD3) e febreiro (UD4 - UD5-UD6)

- examen final: Abril (da UD1á UD6)

As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro .

- Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o 5 sobre 10.

Ao alumnado que acade o cinco nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

- Avaliación mediante un único exame final. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o 5 sobre 10.

## METODOLOXÍA PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

A través da aula virtual e do correo electrónico.

Colgaranse para cada semana as indicacións, explicacións e tarefas, ademais das solucións e/ou correccións dos exercicios da semana anterior.

